



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Praza Constitución, 1
Tfños.: 986 570165/570030
Fax: 986 570233

ANUNCIO


Previos os informes e trámites preceptivos, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 03.11.14, entre outros acordos, aprobou inicialmente o documento do *Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a modificación da ordenación detallada do sistema xeral – dotacional - 1 (Estadio Municipal)*, redactado polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao, en data 22.10.14.

O que se somete a trámite de información pública durante o prazo de 1 mes, computado a partires da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, sen prexuízo da súa publicación en 2 diarios de gran difusión provincial, así como no taboleiro e na páxina *web* municipal.

Asemade, aprobou suspender o procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas (de parcelación de terreos, edificación e demolición) no ámbito do territorio obxecto deste planeamento especial, do que as súas novas determinacións supoñen a modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de 2 anos, a contar dende a devandita aprobación e, en calquera caso, se extinguirá coa aprobación definitiva do planeamento.

Para estes efectos, determínase expresamente a área afectada pola dita suspensión:

- Norte, estrada nacional 640.
- Sur, Avda. Da Torre.
- Leste, finca catastral 2565045NH4226S0000SY (SUND) e solo industrial LIDL (SUC).
- Oeste, fincas catastrais 2565015NH4226S0001IU, 2565024NH4226S0001HU, 2565025NH4226S0001WU e 2565007NH4226N0001OX (SUC de edificación en bloque aberto).



Finalmente, para o caso de que as persoas propietarias dos terreos afectados fosen descoñecidas, se ignorase o lugar ou o medio para a constancia da recepción da notificación individualizada do citado acordo, ou perante un eventual intento infructuoso daquela, simultaneamente, procédese a notificar a través do presente anuncio a todas as persoas titulares que figuran no Catastro, segundo a relación contemplada no Plan Especial:

- Herdeiros de Dna. Dolores Gestoso Tarrío (2565025NH4226S0001WU)
- D. Maximino Carracedo (2565024NH4226S0001HU)
- D. Marcelino Gestoso Tarrío (2565007NH4226N0001OX, 2565013NH4226S0001DU, e 2565014NH4226S0001XU)
- Unión Fenosa Distribución, S.A. (2565011NH4226N0001KX)

Este preceptivo trámite de información pública ten por obxecto que calquera persoa física ou xurídica poda examinar o procedemento e, de se-lo caso, formular alegacións ou observacións. Lugar e horario de exhibición: Departamento de Urbanismo, 3º andar da Casa Consistorial (de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas – agás festivos/feirados -).

A Estrada, 4 de novembro de 2014,
O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo./ José C. López Campos.